

# Do activismo ecolóxico ao activismo lingüístico

TERESA MOURE

Universidade de Santiago de Compostela

1. Durante séculos o pobo galego distinguiu con clareza moitas das especies vexetais que o rodeaban. As persoas, especialmente as mulleres idosas, sabían cando florecían as herbas e tamén que males podían curar, colocadas como apósito ou bebidas como infusión. Para manexalas comodamente puxéronlles nomes, moitos deles con correlato no mundo, auténticas metáforas, como estes:

Agullas de pastor	Fento das pedras
Amenta de auga	Figueira do demo
Amenta de lobo	Herba da andoriña
Amores pequenos	Herba da cuca
Apio de cabalos	Herba da fame
Árbore da rabia	herba da rula
Árbore fría	Herba do cuco
Cabeza de cobra	Herba do demo
Cabriña	Herba do lobo
Callaleite	Herba do sapo
Castiñeiro das bruxas	Herba dona
Cebola das gaivotas	Herba dos burros
Chícharo de raposo	Herba dos pitos
Cristas de galo	Herba piolleira
Escornabois	Herba rateira
Escornacabras	Lingua de boi
Felgueira de raposa	Lingua de cervo
Fento das boticas	Lingua de vaca

Matalobos	Pelo de raposo
Mel de raposo	Pirixel das bruxas
Menta de auga	Porqueira
Menta de burro	Rabo de cabalo
Menta de lobo	Rabo de lebre
Mexacán	Rabo de raposa
Nabo de nouza	Rascacú
Ollo de can	Tollemerendas
Pan do cuco	Trevo das pozas
Pata de galiña	Uña de cabalo
Pé de boi	Uvas de raposo
Pé de cabalo	Uvas de can
Pé de galiña	Uvas de gato
Pé de paxaro	Xesta do mar
Pé de sapo	

A maioría d@s falantes actuais descoñecemos estas palabras. A menos que nos especialicemos en estudos de botánica, nin sequera ouvimos nunca tales etiquetas. Como acontece sempre nestes casos, a perda das etiquetas non é un simple problema léxico; tampouco non recoñecemos os exemplares correspondentes. Persoalmente apenas distingo dúas ou tres destas variedades. Desa ignorancia nacen algunhas reflexións que quixera expor a seguir.

A primeira reflexión pasa por recoñecermos que ninguén protexe o que non coñece. Os cambios sociais xurdidos ao abeiro da globalización neoliberal explican por que deixamos de coñecer estas herbas. Nun proceso lento mais decidido, certos saberes foron caendo en desuso, cando non considerados pura superstición. A casa que se abastece no seu contorno de substancias sandadoras de males menores, das dores habituais e coñecidas, xa non existe. A industria farmacéutica fixo ben o seu traballo; varreu coa competencia. Non se trata de que as persoas traballen noutros cometidos e pasen menos tempo no seu enderezo particular, polo menos non só diso. Trátase de que ninguén acredita xa no valor do saber tradicional: en vez da infusión do anís que o sol madurou nas lindes do camiño, compramos *Aerored* en cápsulas na farmacia máis próxima, coa seguranza de que será máis efectivo como remedio. Iso significa que un tipo de coñecemento do contorno inmediato que estaba ao noso alcance hai dúas xeracións, deixou de operar como tal. Para nós todo o que nos rodea fica indiferenciado como *herbas*, ou mellor como *herballada*, algo que brota espontaneamente

e fóra de control. A herba apenas é iso que hai que segar cunha máquina segadora nas fins de semana. Ao tempo, as máquinas cortacésped, que eran un aparello apenas presente nas películas americanas cando eu era pequena, están agora nas nosas casas. Para cortarmos grama, máis nada. E voltamos ao comezo: ninguén protexe o que non coñece. Ninguén o ama. Nin o valora.

As persoas nadas na costa saben que hai décadas o peixe sapo volvía ás augas cando casualmente entraba nas redes. Só cando algún cambio social determinou o seu consumo, puido pasar a ser ben cotizado. A comunidade que non o valoraba non o vía como un peixe específico, non lle prestaba a atención mínima de nomealo. Unha nova forma de facermos lingüística, a eco-lingüística ven ocupándose desta ollada ás linguas como fornecedoras dun coñecemento do mundo. Así, Mühlhäusler (2003) indica que os animais australianos con aparencia de rata deben recibir axiña novos nomes para se salvaren da extinción. Os problemas de imaxe destes mamíferos proceden de seren chamados *ratos* e *ratas* cando en absoluto están emparentados con esas variedades que os europeos introduciron co seu establecemento nos últimos centos de anos. Mais o uso destes nomes, que actúan na práctica como deostativos do animal, pode estar implicado en que a poboación desexe exterminalos como auténticas pestes. En resposta, desde a ecoloxía e desde a lingüística suxeriuse unha listaxe de dúas mil palabras aborixes australianas. Resucitarmos esas palabras quizais serva para conservar animais inocentes. Enténdaseme ben. Non é que eu queira culpabilizar de nada as ratas mais estas especies que cómpre salvar non son ratas. Reparo nisto e en que na miña lingua o pobre peixe sapo, hoxe ben cotizado, aínda non ten un verdadeiro nome, por iso en vez dunha bonita etiqueta como *tamboril* ou *rape*, teño que chamalo, por dicir así, co seu nome de monstro, de peixe-que-ten-cara-de-sapo.

Probabelmente a conexión de cada lingua co seu contorno sexa un dos campos menos estudados en lingüística e que máis atención demandan. Se quixermos modificar as nosas relacións co planeta, o cambio comezará por aí, por prácticas depurativas semellantes ás que pretenden erradicar o racismo ou o sexismo na linguaxe. Vexamos un exemplo. Na nosa lingua, igual que as mulleres son deostadas con nomes de animais *cotorras*, *raposas*, *viboras*, a natureza descríbese en termos claramente sexuais de dominio: as reservas naturais *descóbreñse*, *conquístanse* ou *tómase*; a fera salvaxe *contrólase*, *desbrávase* ou *dómase*, os seus segredos son *penetrados* e o seu seo está *ao servizo do home*. Do mesmo xeito, as fragas *virxes pínchase*, *címbranse* ou, moi elocuentemente, *vérganse* para as converter en terras *fértiles*, desbotando as *estériles*. Esta linguaxe reflicte unha lóxica de dominación da que sae fortalecido un poder patriarcal eminentemente asoballador, unha violencia que se ceba na natureza por considerala inferior (Moure 2008). Neste sentido, e en relación ao noso exemplo ini-

cial das herbas, nada hai máis significativo que a expresión *mala herba* que transloce unha visión intereseira e produtivista. As malas herbas son as que proliferan, a pesar de non seren coidadas nin desexadas, especialmente nun campo sementado. Son malas non porque envelenen o ambiente, como fai a contaminación humana, nin porque estraguen un contorno marabilloso, como o lixo: son malas porque lle disputan auga e alimentos a unha herba que nos vai dar de comer. A nichela é unha planta leguminosa (*vicia sativa*) de talo gabeador e flores de cor violeta que abunda entre os cereais e resulta prexudicial para as sementeiras. Na nosa lingua tamén se chama ervellaca, veza ou, elocuentemente, herba da fame. O nome é unha imaxe tendenciosa. Obviamente a etiqueta con que a denominarmos podería evocar a idea de que os seus froitos leguminosos dan alimento as aves e chamarse, por exemplo, *pan dos paxaros*. De feito, a medida que os humanos fican sen nomes para as súas herbas, a medida que as cortan para urbanizar, os paxaros desaparecen da súa paisaxe. Os nomes arrastran unha cosmovisión, unha Weltanschauung.

## **2. A segunda reflexión que xorde ao lermos esta listaxe de herbas xa descoñecidas que deberon de ser tan próximas ás avoas pasa por nos preguntarmos se esa cosmovisión está completamente perdida**

Na fronteira entre Canadá e Estados Unidos, 7 mil persoas aínda falan kalispel. En kalispel non se pode dicir *lago*; tampouco *montaña*. Non hai substantivos que denominen estes accidentes xeográficos; cómpre usar verbos e dicir algo así como *montañea* ou *laguea*. Ao careceren dunha etiqueta con que designaren estas entidades conxuntamente, as persoas que falan kalispel consideran cada lago ou cada montaña por separado; non poden pensar neles como máis un entre tantos. Tampouco eu non considero as montañas nin os lagos simples accidentes da paisaxe; mais teño que pregarme á visión da miña tribo para poder falar. Con todo, sinto ás veces que o meu deber é alertar de que o nome non é inocuo: as montañas, vistas como anécdotas insubstanciais, poden ser perforadas pola minaría, poden asolarse e dinamitarse, porque as súas entrañas, se contiveren metais, deben poñerse a servizo do capital. Igualmente os lagos poden desecarse e os ríos traballar para as centrais eléctricas movendo turbinas, se foren accidentes. Desde o kalispel esta visión instrumental da natureza sería impensábel.

A realidade non se presenta perante os nosos ollos obxectiva e pura. Cada vez que cremos analizala, actuamos constringid@s por un acervo común: no meu exemplo ese acervo é lingüístico mais a realidade tamén se ve mediada pola historia, por exemplo; se estou a primar a lingua entre as forzas colectivas que nos modelan é

porque merece ser reivindicada como nunca cando impera o desapego cara a ela; finalmente, como dicía Castela, se aínda somos galeg@s é por obra e graza do idioma. En todo o caso, xa nos refiramos á lingua ou á historia partillada, cadaquén ten aloxado na súa mente todo un colectivo. Nunha época de máximo individualismo como a que nos toca vivir, convén salientar este dato. Mesmo cando unha persoa permanece soa nun cuarto, matinando nun problema, a concatenación dos seus pensamentos realízase por vía lingüística e, nese sentido, cabo do individuo pensador, están sentándose a pensar os demais falantes da súa comunidade lingüística e cultural, as distincións e as nocións comúns na súa época, a bagaxe científica, artística e ideolóxica que o colectivo amasou ao longo de anos e, como non, a morea de supersticións, prexuízos e conceptos distorsionados que poida arrastrar. Para ben ou para mal, o pensador só apenas existe. Avanzamos lenta e penosamente, mais en colectivo.

Nalgunha outra ocasión téñome ocupado (Moure 2011) da gramática do luiseño. Esta lingua amerindia danos toda unha lección de teoría política e de ontoloxía posto que di con palabras distintas *correr* se hai un só corredor ou se un grupo de persoas marchan correndo, ou *voar*, se un paxaro voa só polo ceo ou se a acción de voar é realizada por unha bandada enteira. O luiseño concede pertinencia gramatical aos colectivos, o que necesariamente terá implicacións na súa sociedade.

Quizais moitas das nocións que manexamos cada día, e con que modelamos o noso coñecemento sobre o mundo nas nosas concepcións científicas ou artísticas estean impregnadas de gramática. Pensamos, por exemplo, que existen o pasado, o presente e o futuro porque esta división tripartita, relativamente rara nas linguas do mundo, é a forma de contemplar a realidade da nosa lingua ou, en xeral das linguas europeas, que teñen paradigmas de pasado, presente e futuro, os cales deben ser utilizados obrigatoriamente pol@s falantes. Por moito que a ciencia actual teime en asegurar que ese vector temporal non existe, que se trata dunha metáfora humana, nós non damos acreditado na teoría da relatividade porque a gramática que se coce no noso cerebro perpetúa a mesma visión do mundo que tiña Aristóteles. Mais, con toda probabilidade, as ideas que diariamente manexamos –e talvez mesmo as teorías científicas que elaboramos– serían distintas se Aristóteles, en vez de grego, falase luiseño.

A gramática non se presenta daquela como unha institución que regula os usos correctos e incorrectos, o que se debe ou non dicir. Nin sequera ten nada que ver coa listaxe de todas as formas dunha lingua, con ese afán de exhaustividade que alberga o dicionario. Desde esta perspectiva, máis ben, a gramática é un conxunto de instrumentos para atraparmos a realidade, sen os cales non se pode obter da linguaxe un

coñecemento que ultrapase o anecdótico, a pura erudición. Como non uso xa eses nomes de herbas, non percibo até o final, a cosmovisión que arrastran. Podo imaxinar as cativas procurando a herba chamada mel de raposo para lle chucharen o mel, podo supor que a herba das feridas ten propiedades antisépticas, que o matalobos é tóxico, que a herba dos pobres fai referencia ao uso polos esmolantes para se faceren feridas con que inducir á compaixón e que a lingua de cervo, como lingua de boi e a lingua de vaca ten follas desa forma. Mais non sei como é a lingua dun cervo. Non sei en que se distingue da lingua dun boi. As miñas devanceiras berran desde o dicionario significados que non me resultan xa intelixíbeis.

3. Até aquí as miñas palabras quizais eran esperábeis: hai un activismo implícito na recuperación das linguas. Agora vou imprimirlles unha viraxe deliberada. A mención da ecoloxía tende a producir nas mentes a imaxe da colección, de quen recolle a variedade para inventariala, facendo elenco por exemplo da flora ou da fauna dunha determinada zona. No activismo ecolóxico esta actitude é frecuente e, non por casualidade, apóiase en material lingüístico. Cando queremos saber os nomes das herbas en galego, non acudimos a un manual de filoloxía senón de botánica. Observe-mos que estas dúas disciplinas fican, de súpeto, irmandadas. A actitude da conservadora de especies en bioloxía, vou chamalo así, vai parella á actitude da conservadora de variacións en filoloxía. E a botánica cos seus herbarios aseméllase á dialectoloxía cos seus mapas onde se fixan especies como a gheada, o seseo, ou a metátese de *o* tónica. Como non podemos conservar o que non coñecemos nin amamos, esta actitude é historicamente básica para traballarmos contra a extinción, de especies animais ou de linguas. O problema pasa agora por delimitarmos que entendemos por activismo. Vou utilizar dous exercicios propostos pola lingüista Skutnabb-Kangas (2000), presente nestas xornadas.

A) Actualmente no planeta contamos con algo máis de 200 linguas que superan o millón de falantes. Trátase das seguintes:

Achinés	Assamés	Bemba
Afrikaans	Aimara	Bengalí
Akan	Azerbaijano	Bereber
Albanés	Bai	Bete
Alemán	Balinés	Beti
Alemán, baixo	Baluchi	Bhili
Amhárico	Bambara	Bhojpuri
Árabe	Bashkir	Bielorruso
Armenio	Batak	Bikol

Birmano	Haya	Magahi
Buginés	Hebreo	Maguindanao
Búlgaro	Hehe	Maithili
Buyi	Hiligaynon	Makonde
Catalán	Hindi	Makua
Cebuano	Hirghiz	Malagasy
Congo	Ho	Malayalam
Coreano	Holandés	Malaio
Checo	Húngaro	Malinké
Chinés	Igbo	Manipuri
Chokwe	Ijo	Marathi
Chuvash	Iloko	Marwari
Danés	Indonesio	Mbundu
Dinka	Inglés	Mende
Dong	Italiano	Miao
Edo-Bini	Kamba	Minangkabau
Efil-Ibibio	Kannada	Mongol
Eslovaco	Kanuri	Mongo-Nkundu
Esloveno	Kareno	Mordavo
Español	Kashimiri	More
Estoniano	Kazakh	Mundari
Éuscaro	Khmer	Nahuatl
Ewe	Kisü	Nandi
Finés	Konkani	Nandi-Kipsigis
Fon	Kumauni	Ndebele
Francés	Kurdo	Nepalí
Galego	Kurukh	Nkore-Kiga
Ganda	Kuyu	Noruegués
Garhwali	Lao	Nuer
Gisu	Li	Nupe
Gondi	Lituano	Nyamwezi
Grego	Lingala	Nyanja
Guaraní	Lituano	Occitano
Gujaratí	Luba	Oriya
Gurma	Luhya	Oromo
Hadiyya	Luo	Pampangano
Haitiano	Macassar	Panganisano
Hani	Macedonio	Panjabí
Hausa	Madurés	Pashto

Pedi	Sotho	Ucráino
Persa	Sueco	Umbundu
Polaco	Sundanés	Urdú
Portugués	Suahili	Uyгур
Quechua	Swazi	Uzbeko
Romaní	Tagalo	Vietnamita
Ronga-Tsonga	Tajiki	Waray
Romanés	Tamil	Welamo
Ruso	Tatar	Wolof
Rwanda-Rundi	Teke	Xaponés
Santalí	Telugú	Xavanés
Sasak	Temne	Xeorxiano
Senúfo	Teso-Turkana	Xhoisa
Serbo-croata	Tai	Yao (Chiyao)
Serer	Tibetano	Yao (Man)
Shan	Tigrinya	Yi
Shona	Tiv	Yoruba
Sindhi	Tonga	Zandé
Sinhalés	Tswana	Zhuang
Somalí	Tulu	Zulú
Songe	Turco	
Songhai	Turcomano	

Cantas das linguas da devandita lista podes situar xeograficamente?

Busca nun atlas lingüístico o número de falantes de cada lingua. Reflexiona sobre se o teu coñecemento é eurocéntrico.

Busca a continuación linguas de Europa e comproba se as sabes situar xeograficamente e logo busca linguas doutras partes do mundo que sexan semellantes en número de falantes e intenta situalas

Cando unha persoa estudante de filoloxía se enfrenta a este exercicio, decatárase de que non é quen de colocar no mapa a maioría das linguas que se lle ofrecen. A pesar de tratarse das linguas máis faladas do mundo, moitas delas resultan absolutamente descoñecidas, mesmo para unha persoa interesada polas linguas. As que adoito remitimos a un territorio son europeas. Non se trata necesariamente das máis faladas; con frecuencia son as linguas oficiais de países pequenos e se as coñecemos non é porque en lingüística sexa moi frecuente falar delas, senón porque o seu nome coincide co nome do país e ao ser este europeo, sabemos onde se atopa. O exercicio tira á luz o



noso eurocentrismo. En primeiro lugar o eurocentrismo da disciplina lingüística, que apenas exemplifica nunca con linguas africanas ou amerindias. En segundo lugar co eurocentrismo dos sistemas educativos, que perseveraron en que debiamos aprender os países de Europa e as súas capitais, mais non viron tan interesante preocuparse do resto do mundo coa desculpa doada «é que en África os países están cambiando continuamente de capital!». Finalmente, cadaquén percibe a medida do seu propio eurocentrismo, do que está inscrito na nosas mentes e que nos manipula para pensar que o danés ou o servio son linguas que en algún momento poderemos aprender e, no entanto, o hausa ou o suahili, moi superiores en número de falantes, non serán obxectivo interesante para a nosa formación. Estamos perante un exercicio destinado a fomentar a intervención. Vexamos agora un segundo exercicio proposto por esta autora:

B. Quen ten o poder e os recursos materiais no mundo?

EQUIPO A

Países desenvolvidos/industrializados

Branc@s / Rosad@s

Educación forma

Clase media ou alta urbana

Grupos maioritarios da sociedade

Falantes da lingua dominante

EQUIPO B

Subdesenvolvidos ou en vías de desenvolvemento

Negr@s, Amarel@s, Moren@s, Vermell@s ...

Educación non formal, analfabet@s

Clase traballadora ou rural

Minorías (nacionais, inmigrantes, indíxenas)

Falantes dunha lingua dominada

Agora, inclúete como membro do equipo A ou B

1. O meu país é \_\_\_\_\_ , daquela pertenzo ao equipo \_\_\_\_\_

2. A miña cor de pel é \_\_\_\_\_ , daquela pertenzo ao equipo \_\_\_\_\_

3. O meu nivel de educación é \_\_\_\_\_ , daquela pertenzo ao equipo \_\_\_\_\_

4. A miña clase social é \_\_\_\_\_ e vivo no medio \_\_\_\_\_ ,  
daquela pertenzo ao equipo \_\_\_\_\_
5. O meu xénero é \_\_\_\_\_ , daquela pertenzo ao equipo \_\_\_\_\_
6. O meu grupo social é \_\_\_\_\_ , daquela pertenzo ao equipo \_\_\_\_\_
7. A miña lingua é \_\_\_\_\_ , daquela pertenzo ao equipo \_\_\_\_\_

De novo, esta proposta, máis que nos convidar a unha reflexión en abstracto, contribúe a deliñarnos como seres cun papel efectivo na transformación do mundo. A diferenza dun atlas dialectolóxico, que consistiría nun puro inventario, este estilo de materiais propician unha reflexión acerca do poder: segundo que pregunta estarei no equipo A ou no equipo B; ás veces amola estar no B, ás veces estar no B é un motivo de orgullo.

Cando, a comezos dos '90, apareceu a revista *Linguistic Typology*, o tipólogo Bernard Comrie, no seu número 1 exhortaba ás persoas que investigan en lingüística, a abandonaren a vía especulativa ou puramente teórica que caracterizara durante décadas as discusións entre partidari@s e detractor@s da Gramática Xenerativa. Desde o editorial desta publicación, Comrie solicitaba con toda a urxencia posíbel que a lingüística se dedicase a documentar linguas para telas descritas antes da súa desaparición, que xulgaba inminente. Mais o afán de inventariar primou sobre o afán de transformarmos a realidade. É completamente certo que as linguas están a esmorecer no mundo a un ritmo vertixinoso. É asemade certo que actuaremos como cómplices desa desfeita se nos refuxiamos en universos conceptuais moi complexos, evitando calquera compromiso coa realidade. Con todo, durante os quince anos seguintes, aumentaron as descrições de linguas exóticas, sen por iso invertermos na maioría dos casos as forzas que actuaban na súa contra. Creo que o caso galego é ben representativo desta tendencia. Nas últimas décadas o galego converteuse nun obxecto de investigación de primeira magnitude. Contamos con detalladas descrições das súas variantes fonéticas, morfolóxicas e léxicas, ás que diferentes institucións e en particular o ILG, lles dedicaron aloumiños de coleccionista. O inventario ten todo o rigor e o detalle dun herbario, ademais de estar ateigado de principios da investigación antropolóxica. Porén, esta enerxía parece destinada á pura erudición «a formar especialistas que coñezan ce por be esa variación», mentres as dúas liñas de activismo «ecolóxico» fican bastante desatendidas:

- a) Por unha banda, falta investigación sobre a linguaxe, non sobre a lingua galega, feita desde esta lingua. Para cando teses, non sobre un autor e os seus textos literarios, senón sobre a adquisición infantil da linguaxe feita desde o galego, ou feita desde o contexto de comunidades con linguas en conflito? Para cando traballos sobre sintaxe teórica «que regras actúan para producirmos determinados enunciados» abordados desde o galego e non desde o inglés?
- b) Unha segunda liña de activismo ecolóxico sería a da planificación lingüística, destinada a elaborar medidas para estimular o uso da lingua, para pór en práctica todo o coñecemento acumulado pola sociolingüística. Por suposto esta liña non é inédita: estamos hoxe mesmo convocad@s por un servizo de normalización lingüística, comprometido e belixerante. Mais en xeral tendemos a ver ese traballo como parte dunha reivindicación política ou administrativa, dun «temos dereito a...», e non como o que realmente é: unha práctica ecolóxica, a verdadeira práctica ecolóxica porque o conservacionismo de variantes en si mesmo non é máis que puro medioambientalismo.

4. No campo da ecoloxía practícase unha distinción básica entre medioambientalismo e ecoloxismo que agora quizais cómpre desenvolver. Aínda que ás veces se confundan os termos, o medioambientalismo xurdiu como unha aproximación, administrativa e pouco sistemática para enfrontar os problemas do medio ambiente; non é unha ideoloxía, nin un corpo de coñecemento, apenas un remendo. Nun sentido ben diferente, a ecoloxía é unha forma de pensamento que fai referencia á necesidade de emprendermos cambios profundos e de maneira urxente tanto no ámbito da organización social como nas actitudes respecto do mundo natural non humano (Moure 2008). Igual que o feminismo e que o pacifismo, o ecoloxismo estivo nas bases da contracultura para irse despois adaptando ás peculiaridades de cada situación. Ás veces aspira a se converter nun eixo vertebrador da vida social, alén das organizacións políticas convencionais que procuran fagocitalo; ás veces aspira a transformar desde dentro estas organizacións. En todo caso, mentres o pacifismo e o feminismo podían traer raíces de antigo, o ecoloxismo, en tanto que crítica ao produtivismo industrialista das nosas sociedades, era unha total novidade, aquí, como en toda Europa e América.

Fronte a este calado profundo do ecoloxismo, pode xulgarase como medioambientalista unha práctica política que se ocupe da natureza sen provocar unha mudanza fundamental nos actuais valores de produción e consumo. Porque o ecoloxismo mantén que unha existencia sustentábel e satisfactoria precisa cambios radicais na nosa relación co mundo natural non humano e na nosa forma de vida social e política. Usando o exemplo de Dobson (1995), a raíña de Inglaterra non se converte en ecoloxista por

adaptar a súa flota de limousines á gasolina sen chumbo. Esta decisión sería medioambientalista, destinada a contemporizar coa época que vivimos porque, de ser ecoloxista, a raíña de Inglaterra tería que tirar coas limousines.

Neste sentido, pode pensarse que o ecoloxismo é un medioambientalismo máis radical. Por suposto que é máis radical mais non se trata só dunha diferenza de grao. Se fose un problema de grao, o medioambientalismo e o ecoloxismo non coincidirían, simplemente, na cantidade de CO<sub>2</sub> que pode admitirse circulando pola atmosfera ou remediarian este problema usando filtros distintos. Mais as diferenzas entre as dúas opcións xorden de contemplaren a realidade de distinto modo. No caso do medioambientalismo trátase de ver canto podemos tirar da corda sen que rache e, puntualmente, evitar as situacións que poñen en risco o difícil equilibrio da biosfera. No caso do ecoloxismo trátase de cuestionar o dominio que os seres humanos vimos exercendo sobre todo o demais. É posíbel que ambas as dúas nocións produzan políticas diferentes en grao mais nun caso como este a diferenza de grao produce un salto cualitativo. As medidas verdes que todos os partidos políticos deseñan nas súas campañas electorais forman parte dunha sociedade de servizos opulenta e tecnolóxica: en realidade os filtros de dióxido de carbono en chemineas industriais, os aerosois sen CFC e os tubos de escape con catalizadores non desafían o consenso do que resulta desexábel para a sociedade do século XXI; ao contrario, acaban reforzando a opulencia e a tecnoloxía en vez de as cuestionaren. No entanto, o ecoloxismo pretende unha revolución non violenta que derrube a actual sociedade contaminante, saqueadora e materialista e, no seu lugar, cree unha nova orde social que permita os seres humanos viviren en perfecta harmonía co planeta. Nesta perspectiva o movemento verde pretende ser unha forza cultural e política realmente transformadora. O ecoloxismo intenta explicitamente trasladar o ser humano como centro do mundo, cuestionar a ciencia mecanicista e as súas consecuencias tecnolóxicas, negarse a acreditar en que o mundo estea feito en exclusiva para os seres humanos e todo isto matinando se o proxecto de opulencia material dominante é desexábel ou se pode continuar manténdose. Todas estas compoñentes de procura e análise omítense se decidimos restrinxir a política verde a un medioambientalismo que persiga unha economía máis limpa, sostida por unha tecnoloxía máis limpa e produtora dunha opulencia máis limpa. Así reciclar, unha medida moitas veces medioambientalista, é útil e necesario mais non dará respostas fundamentais. Alén diso, moitos dos artigos que consumimos responden a carencias que convertemos en necesidades polas poderosas forzas persuasivas que nos rodean. Se unha sociedade ecolóxica pode substituír o actual modelo de consumo será por proporcionar satisfaccións máis fondas que posuír ou esgotar obxectos materiais. A propaganda dunha vida frugal e a exhortación a conectar coa Terra combínanse no ecoloxismo para producir ese ascetismo espiritual que constitúe unha parte tan importante

do perfil d@ ecoloxista. Gústame expresar esta realidade doutro xeito: a diferenza entre medioambientalismo e ecoloxismo ten correlato ético. Na primeira opción os seres humanos deben coidar o medio ambiente porque iso redunda nos seus propios intereses; na segunda afirmase que a natureza ten un valor intrínseco, que ultrapasa os fins humanos e continúa a ter importancia para alén da nosa existencia. Que as selvas tropicais se deben conservar porque proporcionan osíxeno, ou materias primas para medicinas ou porque impiden que a terra se erosione non son razóns ecolóxicas radicais, son preocupacións por nós e polo noso futuro. Que algunhas persoas clamen pola necesidade de preservarmos a natureza como se dunha reserva de diversidade xenética se tratar, para fins agrícolas ou médicos, como materia de estudo científico, ou polas oportunidades que nos ofrece de pracer estético e inspiración espiritual non ten nada de raro. O que se bota de menos neste estilo de argumentacións é unha óptica imparcial, que non mire polo «nosiño», unha ética menos antropocéntrica e máis biocéntrica ou, mellor ecocéntrica, que contemple os valores intrínsecos ao mundo non humano.

5. Co paso dos anos, o medioambientalismo foi aceptado na política, usurpándolle o nome á ecoloxía e así, foron introducíndose argumentos prácticos baixo o nome de políticas «verdes». Deste xeito, chegado un momento viuse que para deter as talas masivas na selva amazónica, non chegaba con facer públicos os datos sobre a deforestación ou a morte dos animais porque a opinión pública non se mostraba moi sensíbel a estas cuestións. Comezaron daquela a elaborarse argumentos para a captación: coa perda desas fragas vanse moitas substancias que a medicina tradicional desas comunidades amazónicas usa para a curación de enfermidades e vanse antes de que a industria farmacéutica occidental os teña analizado. Entre as especies desaparecidas poden estar os antidotos para as enfermidades víricas que nos poidan invadir no futuro, quizais o segredo para a curación da SIDA, por exemplo. O medo colectivo acabou desembocando en políticas lixeiramente verdes. Este estilo de argumentos cativos, que van orientados a xerar solucións prácticas en vez de solucións éticas, tamén xorde na ecolingüística. Se a sociedade é pouco propicia a interesarse pola morte das linguas, dáselle un xiro ao argumento: Probabelmente a idea de linguaxe non poida ser abordada de non contarmos cunha abonda base empírica. Como podemos saber se o coñecemento que elaboramos, sobre fonemas, sobre o tempo verbal ou sobre o xénero neutro, non está determinado por termos abordado unhas poucas linguas procedentes todas da mesma área xeográfica?

Cando se fala de extinción masiva das linguas, unha opinión moi extendida acepta que, mesmo se o asunto é real, dista moito de ser catastrófico. Cun esaxerado optimismo suponse que poderemos acomodarnos paulatinamente a esta redución da variedade

cultural: perderemos o anecdótico mais permanecerá o esencial. Esta actitude agocha un certo grao de colonialismo posto que a perda de pequenas linguas se valora como insignificante fronte á riqueza conceptual e formal de inglés, árabe ou español. Ademais do racismo lingüístico implícito nesa proposta, o argumento seguiría carecendo de validez aínda que se acudise na comparación ao xaponés, o suahili ou o éuscaro. Con todo, esa defensa das linguas que se practica desde a lingüística profesional non é precisamente desinteresada: avógase pola conservación para manter o campo profesional, o cal é tanto como cuestionar o futuro e o interese da conservación. Nos últimos vinte anos foron aparecendo diferentes iniciativas para traballar a medio camiño entre principios ecolóxicos e lingüísticos «como a *Fundación para as linguas ameazadas* ([www.ogmios.org](http://www.ogmios.org)), o grupo *Terralingua*, o arquivo multimedia sobre linguas do Instituto Max Planck e tantos outros». O problema é que en todos estes casos parece que a lingüística profesional pretende lavar a cara e sacudirse a mala reputación cunha acción emprendida tardiamente e de escasa efectividade, que teña como resultado unha magnífica colección de linguas... mortas.

Levando este asunto ao eido da lingua galega, que é a que nos importa neste lugar do mundo, sería pouco axeitado propornos unha sobredocumentación como a que temos que non se vise acompañada de medidas efectivas de introdución da lingua na investigación sobre a linguaxe e de normalización a todos os efectos na sociedade. Non traballamos para conservar documentada esta lingua, senón para mantérmola viva. E con iso cuestionamos todo un sistema de valores. Cuestionamos, por un lado, a globalización neo-liberal que nos homoxeiniza e nos reduce a simples consumidor@s, en lugar de vernos como seres que pensan e senten dun xeito en parte universal, no sentido de partillado por tod@s, e en parte modelado culturalmente. Mais cuestionamos tamén, desde o galego, protexéndoo e amparándoo, a conversión da lingua nun eido profesional alienado e afastado da realidade histórica, unha tecnocracia desideoloxizada composta deses individuos que García Negro chama «comedores do galego».

Obviamente, se queremos facer activismo lingüístico con base ecolóxica, queremos salvar o galego porque é noso, porque se non o facemos nós, quen o vai facer? Mais o noso fin non é a pura erudición, o afán de acopiarmos un nutrido inventario, senón o de nos recoñecermos como cultura diferenciada e, nese sentido, poder escoitar as voces que desde o dicionario aínda berran: tollemerendas, matalobos, rabo de raposa, trevo das pozas, herba moura.

6. Nun sentido parcialmente diferente, a ecolingüística volve os seus ollos ao asunto da perda de linguas no mundo. Cando, ao comezo destas páxinas nos referiamos á

morte das linguas, poderíamos argumentar o dereito dos falantes de calquera tribo a manteren a súa riqueza cultural e o seu xeito habitual de interacción. Mais, despois de estudarmos a hipótese de relatividade lingüística, sabemos que cada lingua leva implícita unha cosmovisión, de forma que a morte de linguas actual supón a morte doutras tantas formas de ver o mundo. Ademais de perdermos os coñecementos que cada comunidade teña almacenado en particular, deixamos de acceder a ideas que, talvez, non estean na cosmovisión propia e, daquela, a morte dunha lingua non é só unha catástrofe para a comunidade que a fala, senón para toda a humanidade.

Mirémonos a nós. Un indicio de morte dunha lingua é a perda da súa riqueza expresiva, que se vai fixando e acantoando a certos usos. O galego, ninguén o negará, está mellor asentado en usos coloquiais e irrelevantes, que en rexistros cultos. A calidade do galego recoñécese en trazos concretos: o uso do futuro de subxuntivo, do infinitivo flexionado, das interpolacións pronominais, entre outros aspectos que non detallarei agora, serven para recuperarmos un potencial idiosincrático do idioma hoxe esmorecente (Freixeiro Mato 2009). Moitas destas formas son recoñecíbeis na fala das persoas de máis idade; non son algo inventado, ou alleo, ou exclusivo das xentes da escrita mais o seu uso é tan escaso por parte da maioría que, ou ben recuperamos estas formas diferenciais, ou ben pasamos a falar un galego que, curiosamente, coincide na súa gramática punto por punto co español.

Se aínda posuímos unha lingua diferente doutras non é por termos nomes para as partes do carro que xa non usamos, senón por termos estruturas subordinadas complexas introducidas por conectores variados, porque somos quen de afirmar cun verbo espido, sen partículas *–saíches onte? saín–*, porque poñemos os cuantificadores detrás do nome *–sen pudor ningún–*, porque colocamos o suxeito en acusativo *–dicindo aí o ven–*, porque negamos con formas duplas *–tampouco non cho dixen–*, porque, para dicir todo canto queremos expresar, podemos tensar a corda dos pronomes, e recolocalos nun exercicio de malabarismo. Para insuflarlle vida á lingua temos que ser conscientes de tanto como a historia nos roubou e afrontarmos cun esforzo deliberado todos os problemas dunha transmisión xeracional xa moitas veces interrompida. Porque a lingua non nos vén regalada como o aire que respiramos, nin require *pedigree* rural. Temos que aprender a chuchala dos que a conservan, a amasala como sarillo con que nos nutrir cada día, a expurgala. Loitarmos pola lingua con que a nosa tribo ollou desde antigo as cousas todas é tanto como nos asegurarmos a dignidade, reconstruírmos a identidade colectiva, en nome de quen veña detrás. Loitarmos pola lingua é loitarmos pola liberdade.

A gramática é a compoñente fundamental da lingua. A gramática humanizou a especie. A gramática esixe dunha localización cerebral específica, que non está nos parentes simios nin nos seres humanos privados da función lingüística. A gramática é un conxunto de regras que nunca equivocamos durante o proceso de adquisición que cadaquén percorre en soidade, que nunca conculcamos; é a ordenación esencial que fai a lingua e, de admitirmos que a lingua implica unha forma de ver o mundo, será esa gramática a que nos dea os tixolos para construírmolo. Por iso, se perdemos o futuro de subxuntivo, por poñer un exemplo, perdemos unha forma acabada de nomear a realidade que non está na maioría das linguas do mundo; unha forma de pensar no futuro como algo real: *Se fores á praia verás que grande é o mar*, ou sexa cando vaias, no momento que sexa. E pensar no futuro como algo real é darlle valor as utopías. Igual só por iso o pobo galego non se pode permitir perder o futuro de subxuntivo... Ao visitar a gramática con este matiz revolucionario, a ecolingüística vén demostrar que a lingua, por riba de instrumento de comunicación e mesmo de obxecto estético é, sobre todo, unha peneira da realidade e un proxecto colectivo.

O galego é unha lingua románica, instalada desde a Idade Media nun recuncho da vella Europa. Quizais por iso non dista demasiado doutras linguas con que está emparentada –o portugués e o español, mais tamén o francés, o romanés ou o friulano, por exemplo– ou doutras linguas que fixeron Europa, como o inglés, o sueco, ou o checo, a pesar de estas pertenceren a familias distintas, que as fan máis distantes. Por iso non é frecuente pensar que a perda do galego, por exemplo, implica a perda dunha cosmovisión. Na actualidade asistimos a un proceso común co resto do planeta: as formas de vida tradicional esmorecen. De aí que as partes do carro ou os artellos da lareira, con toda a súa riqueza léxica detrás xa non nos resulten accesíbeis: os falantes novos ou urbanos non nos recoñecemos neses vestixios dun mundo antigo. Porén, tal e como viamos cos nomes da neve cos que Whorf se equivocou, non serán as palabras os atributos máis definitorios dunha lingua. Ao comezo destas páxinas o exercicio do luiseño inducíanos a considerar a gramática como o artefacto principal. Por suposto esta é unha argumentación de especialista e resulta algo máis dificultosa. Porén intentarei poñer a continuación un par de exemplos da cosmovisión do galego:

a) En galego hai complementos directos con preposicións variadas: *guindar coa pedra*, *comer no caldo*, *tirar co vaso*, *coller de chaqueta*, *chamar por ela*, que sempre poden aparecer en lugar dunha estrutura con complemento directo do tipo *guindar a pedra*, *comer o caldo*, *tirar o vaso*, *coller a chaqueta* ou *chamala*. Este estilo de complementos con preposición dan problemas aos gramáticos e non aparecen nas linguas veciñas. No entanto, sen entrarmos en detalles, poderíamos remitilos a valores semánticos concretos. Así, por exemplo, digo *Xoán tirou o vaso* cando o fixo voluntariamente e



*Xoán tirou co vaso* cando creo que o fixo involuntariamente, ou digo *Xoán comeu o caldo* cando acabou o prato e *Xoán comeu no caldo* cando comichou un pouco sen acabalo. En termos estritos, diríamos que a estrutura transitiva de suxeito-verbo-complemento está en todas as linguas do mundo para que os seres humanos poidamos contar como os axentes realizan accións sobre os pacientes. O que está a facer o galego é matizar e indicar que esa acción non se realizou sen máis, senón que se realizou involuntariamente, ou non na súa totalidade, ou con calquera outro matiz. Contamos, logo, o mundo dunha forma peculiar porque a nosa gramática fai que o vexamos cuns lentes determinados.

b) Algunhas linguas do mundo, especialmente linguas australianas mais tamén outras, como o veciño éuscaro, compórtanse dun xeito peculiar. Cando unha oración ten suxeito e complemento estes distínguense con casos diferentes. En éuscaro, por exemplo, para dicir ‘O home comeu o pastel’, home ponse en caso ergativo e pastel en caso absolutivo:

Gizona-k	gozokia-ø	jan-du
Home-ERGATIVO	pastel-ABSOLUTIVO	comeu

Porén, nas oracións intransitivas, o suxeito non leva un caso ergativo como no exemplo anterior, senón o caso absolutivo dos complementos directos. Para dicir ‘O home veu’ en éuscaro dise:

Gizona-ø	etorri-da
Home- ABSOLUTIVO	veu

Este efecto, chamado ergatividade, é moi raro nas linguas do mundo. Aínda que é moi importante para traballarmos en universais, as linguas ergativas estanse perdendo ou, para explicalo mellor, as estruturas ergativas están sendo substituídas por estruturas acusativas mesmo nas poucas linguas en que o efecto da ergatividade está documentado. Pois ben, fixémonos nesta oración en galego:

Aí o vén

O que pasa aquí é que temos unha destas rarezas, unha estrutura ergativa porque ese suxeito está no caso do obxecto. Pois ben, en ecolingüística interprétase que as linguas ergativas están máis próximas a unha visión non dominante sobre a natureza (Mühlhäusler 2003); de forma que recuperarmos estes indicios de «diferenzas» explica en parte quen somos. Como falantes do latín da Gallaecia, estamos implicados no mundo occidental e na manipulación da natureza, mais aínda mantemos vixentes na nosa gramática as pegadas doutras maneiras de ver a realidade.

Só se trata dun par de exemplos e probabelmente poidan ser rebatidos. En todo caso, a dignificación completa desta, como de calquera outra, lingua pasa por recoñecer a súa condición de instrumento creador da realidade mental e, daquela, a investigación sobre a cosmovisión implícita na lingua galega é un asunto urxente e necesario, ecoloxicamente irrenunciábel.

6. Quizais as persoas presentes se sintan sorprendidas por esta teima de procurarmos que é idiosincrático do galego. Explicarei, para rematar, como chegamos a esta vía. Durante anos un grupo de investigación da USC tivemos financiado un proxecto para deseñarmos un atlas das linguas do mundo. Na primeira fase almacenamos datos dunha escolma de linguas do mundo, comparando as informacións que sobre elas aparecían nos manuais, atlas e compendios ao uso.

A ficha que pretendíamos cubrir para cada lingua era a seguinte:

### LINGUAS DO MUNDO. O INVENTARIO DA LINGUO-DIVERSIDADE

Nome: \_\_\_\_\_

Data (día, mes e ano): \_\_\_\_\_

Datos collidos de:

- |                   |                          |                         |                          |
|-------------------|--------------------------|-------------------------|--------------------------|
| • Campbell        | <input type="checkbox"/> | • Lyovin                | <input type="checkbox"/> |
| • Comrie xeral    | <input type="checkbox"/> | • del Moral             | <input type="checkbox"/> |
| • Comrie rexional | <input type="checkbox"/> | • Moreno Cabrera        | <input type="checkbox"/> |
| • Ethnologue      | <input type="checkbox"/> | • Moseley&Asher         | <input type="checkbox"/> |
| • Katzner         | <input type="checkbox"/> | • Outros (especificar): | _____                    |

### DATOS XERAIS

1a. Nome da lingua: \_\_\_\_\_

1b. Outros nomes: \_\_\_\_\_

## DATOS XENÉTICOS

2a. Familia: \_\_\_\_\_

2b. Grupo: \_\_\_\_\_

2c. Subgrupo: \_\_\_\_\_

2d. (outras divisións): \_\_\_\_\_

## DATOS XEOGRÁFICOS

3a. Territorio orixinal:

3b. Cambios de territorio (expansión colonial, migración ou retroceso):

3c. Dialectos xeográficos:

## DATOS SOCIOLINGÜÍSTICOS

4. Grao de oficialidade:

- Lingua declarada oficial /cooficial da comunidade.
- Lingua que se comporta como oficial *de facto*.
- Lingua sen recoñecemento institucional.

## 5. Estandarización:

- Lingua con institucións que garantan a súa unidade.
- Lingua con gramática normativa.
- Lingua fixada por escritor@s ou tradutor@s no seu uso, sen formas prescritivas.
- Lingua oral, sen forma escrita.

## 6. Normalización:

- Lingua de prestixio (medios de comunicación, ensino, administrac.)
- Lingua de plenos dereitos nas institucións mais en competencia con outra máis prestixiosa na comunidade.
- Lingua *baixa* dun proceso de diglosia ou semellante.
- Lingua falada nunha comunidade sen acceso a institucións.
- Lingua a piques de desaparecer do uso efectivo.

7. Documentos escritos:  SI  NON

7a. Desde: \_\_\_\_\_

7b. Natureza do texto do primeiro documento: \_\_\_\_\_

7c. Sistema de escritura: \_\_\_\_\_

## 8. Conciencia de identidade étnico-lingüística:

## 9. Número de falantes estimado:

- Entre 100.000 e 500.000 falantes
- Entre 500.000 e 1.000.000 de falantes
- Entre 1.000.000 e 5.000.000 de falantes
- Entre 5.000.000 e 10.000.000 de falantes
- Entre 10.000.000 e 100.000.000 de falantes
- Máis de 100.000.000 de falantes

10. Grao de ameaza estimada:

- Alto     Medio     Incerto     Non ameazada

11. Historia externa

12. Presenza na tradición lingüística:

- Lingua amplamente descrita  
 Lingua que figura na tradición gramatical pola súa condición de membro dunha familia amplamente descrita  
 Lingua exótica

13. Rexistro de fenómenos interesantes para unha teoría sobre universais que a lingua documenta

- |    |    |
|----|----|
| A) | C) |
| B) | D) |

14. OBSERVACIÓNS. Algo que queiras facer constar

O abraiante resultado desta primeira etapa foi decatarnos de que os principais recursos que a lingüística manexa sobre o seu campo de saber non coinciden. A nosa hipótese inicial «o desinterese con que a lingüística trata as linguas da humanidade» cumpríase. A continuación intentamos elaborar parámetros sobre o grao de ameaza que afecta as

distintas linguas e comezamos unha procura diferente. Pescudamos nas revistas especializadas as mencións que se facían de linguas non occidentais e obtivemos que a lingüística manexa moi poucas linguas e, as que menciona, son remitidas sempre aos mesmos fenómenos: o dyirbal, por exemplo, aparece mencionado en lingüística só para ilustrar a construción ergativa. En consecuencia estamos en disposición de probar que o coñecemento que a lingüística ten das linguas humanas é excesivamente curto e que está trivializado. Se unha situación tal se dese, poñamos por caso, en bioloxía, teríamos que a diversidade dos seres naturais se resumiría nos textos especializados da zooloxía ás dúas ou tres especies máis frecuentes nos contornos humanos. O noso plano de traballo pasou na seguinte fase por dar forma, coherencia e difusión á esa investigación previa. Pensabamos estar en disposición de elaborar un atlas que non só informase, tamén explicase a situación lingüística da humanidade: as diverxencias entre as linguas, as ameazas que deben afrontar, as posibilidades para rescatar algo desa diversidade. Trataríase de conmoer á lingüística profesional e á opinión pública. Como tantas veces acontece no activismo, nesa fase ficamos sen financiación, iso quere dicir, que a investigación se detivo, que non conseguiremos con ela sexenios nin chegaremos aos grandes centros de irradiación do saber. Mais a semente está botada. E un dos seus agromos pula por reivindicarnos un lugar para o galego na cosmovisión que o pobo galego teña da realidade.

## 7. Referencias bibliográficas

Dobson, A. (1995): *Green political Thought* (London: Routledge). [Trad. Esp.: Dobson, A. (1997): *Pensamiento político verde* (Barcelona: Paidós).

Freixeiro Mato, X. R. (2009): *Lingua de calidade* (Vigo: Xerais).

Moure, T. (2008): *O natural é político* (Vigo: Xerais).

Moure, T. (2011): *Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética* (A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña).

Mühlhäusler, P. (2003): *Language of environment. Environment of language. A course in Ecolinguistics* (London: Battlebridge).

Skutnabb-Kangas, T. (2000): *Linguistic genocide in education –or World-wide diversity and Human Rights?* (Mahwah, NJ, : Erlbaum).